

ASUNTO: MELLORA DA SEGURIDADE VIAL E ACONDICIONAMIENTO DA
ESTRADA DP-0511 EN ERVEDÍNS – LOUREDA

REFERENCIA: 05/26

SITUACION: Ervedíns

PETICIONARIO: Concello de Arteixo

INDICE

MEMORIA	3
RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS	3
INFORME XUSTIFICATIVO DE PREZOS	4
PLANOS PARCELARIOS E DE AFECCIÓN	11
DOCUMENTACIÓN ANEXA	23

MEMORIA

1. OBXECTO

O presente proxecto é complementario do proxecto de obras denominado "MELLORA DA SEGURIDADE VIAL E ACONDICIONAMIENTO DA ESTRADA DP-0511 EN ERVEDÍNS - LOUREDA", coa finalidade de pór a disposición do Concello os terreos necesarios para a execución do mesmo.

2. EMPRAZAMENTO

Ervedíns

3. ORDEN DE REDACCIÓN

Redáctase por encarga do Concello de Arteixo.

4. XUSTIFICACIÓN DA OBRA

Recóllese no proxecto construtivo ao que se ten feito referencia.

RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS

Aféctanse as parcelas seguintes:

Nº	Ref. Catastral	Sp. Total (m2)	Exprop. def. (m2)
1	15005A047000710000PO	513	0
2	15005A047000700000PM	206	31
3	15005A047000690000PK	255	35
4	15005A047002750000PU	348	0
5	15005A047000680000PO	475	23
6	15005A047000670000PM	464	30
7	15005A04700064	1008	10
8	15005A047000660000PF	112	12
9	001702500NH49C	5247	73
10	15005A060003510000PM	415	0
11	15005A060003480000PM	131	32
12	15005A060000620000PF	843	100
13	15005A060003720001AZ	155	27
14	15005A047000060000PR	492	52

A superficie total afectada é de **425 m²**.

A relación de propietarios é a seguinte:

Nº	Ref. Catastral	Titularidade
1	15005A047000710000PO	VARELA REGUEIRA MANUEL e VARELA CEDEIRA JOSE ANTONIO

2	15005A047000700000PM	FERRO BERMUDEZ MARIA CARMEN
3	15005A047000690000PK	FERRO BERMUDEZ MARIA CARMEN
4	15005A047002750000PU	ABELEIRA BARBEITO MANUEL
5	15005A047000680000PO	GARCIA FERNANDEZ MARIA LOURDES
6	15005A047000670000PM	GARCIA FERNANDEZ MARIA LOURDES e LEIS AGRAFOJO RAFAEL [HEREDEROS DE]
7	15005A04700064	BOEDO BARROS JOSE MANUEL e BOEDO BARROS JOSE RAMON e BOEDO BARROS MARIA DEL CARMEN
8	15005A047000660000PF	BOEDO BARROS JOSE MANUEL
9	001702500NH49C	AMADO POMBO MARIA DEL CARMEN
10	15005A060003510000PM	CONCELLO DE ARTEIXO
11	15005A060003480000PM	EN INVESTIGACIÓN
12	15005A060000620000PF	CASTRO BARREIRO MANUEL [HEREDEROS DE]
13	15005A060003720001AZ	CONCELLO DE ARTEIXO
14	15005A047000060000PR	PAN RODRIGUEZ CARMEN

As parcelas afectadas, segundo informe urbanístico que se xunta, presentan as seguintes clasificacións urbanísticas:

Nº	Ref. Catastral	Clasificación Urbanística
1	15005A047000710000PO	SUELO RÚSTICO
2	15005A047000700000PM	SUELO RÚSTICO
3	15005A047000690000PK	SUELO RÚSTICO
4	15005A047002750000PU	SUELO RÚSTICO
5	15005A047000680000PO	SUELO RÚSTICO
6	15005A047000670000PM	SUELO RÚSTICO
7	15005A04700064	SUELO RÚSTICO
8	15005A047000660000PF	SUELO RÚSTICO
9	001702500NH49C	SUELO RÚSTICO
10	15005A060003510000PM	SUELO RÚSTICO
11	15005A060003480000PM	SUELO RÚSTICO
12	15005A060000620000PF	SUELO RÚSTICO
13	15005A060003720001AZ	SUELO RÚSTICO
14	15005A047000060000PR	SUELO RÚSTICO

INFORME XUSTIFICATIVO DE PREZOS

Consideracións previas.

O correcto desenvolvemento destas obras fai preciso a expropiación de bens e/ou dereitos de titularidade privada, e a súa valoración réxese polos criterios contidos no RDL 7/2015 e no RD 1492/2011: as valoracións do solo, as instalacións, construcións e edificacións, e os dereitos constituídos sobre ou en relación con eles, réxense polo disposto nesta Lei cando teñan por obxecto a fixación do xustiprezo na expropiación,

calquera que sexa a finalidade desta e a lexislación que a motive. Así determinarase previamente o valor do solo afectado.

Este taxarase na forma establecida no RDL 7/2015, segundo a súa situación e con independencia da causa da valoración e ou instrumento legal que a motive, sendo a súa situación (solo rural ou urbanizado), a característica que determina o método valorativo xa que a estes efectos todo o solo expropiado encóntrase en situación de solo rural ou de solo urbanizado. O **solo rural** é aquel solo preservado pola ordenación territorial e urbanística da súa transformación mediante a urbanización, que deberá incluír, como mínimo, os terreos excluídos de dita transformación pola lexislación de protección ou policía do dominio público, da natureza ou do patrimonio cultural, os que deban quedar suxeitos a tal protección conforme á ordenación territorial e urbanística polos valores neles concorrentes, incluso os ecolóxicos, agrícolas, gandeiros, forestais e paisaxísticos, así como aqueles con riscos naturais ou tecnolóxicos, incluídos os de inundación ou doutros accidentes graves, e cantos outros prevexa a lexislación de ordenación territorial ou urbanística; tamén se considera solo rural o solo para o que os instrumentos de ordenación territorial e urbanística prevexan ou permitan seu paso á situación de solo urbanizado, hasta que termine a correspondente actuación de urbanización, e calquera outro que non reúna os requisitos para ser considerado solo urbanizado. Mentres que en situación de **solo urbanizado** encóntrase o solo que, estando legalmente integrado nunha malla urbana conformada por unha rede de vieiros, dotacións e parcelas propia do núcleo ou asentamento de poboación do que forme parte, cumpra algunha das seguintes condicións:

- a) Ter sido urbanizado en execución do correspondente instrumento de ordenación.

- b) Ter instaladas e operativas, conforme ao establecido na lexislación urbanística aplicable, as infraestruturas e os servizos necesarios, mediante súa conexión en rede, para satisfacer a demanda dos usos e edificacións existentes ou previstos pola ordenación urbanística ou poder chegar a contar con eles sen outras obras que as de conexión coas instalacións preexistentes. O feito de que o solo sexa lindeiro con estradas de circunvalación ou con vías de comunicación interurbanas non comportará, por si mesmo, súa consideración como solo urbanizado.

- c) Estar ocupado pola edificación, na porcentaxe dos espazos aptos para ela que determine a lexislación de ordenación territorial ou urbanística, segundo a ordenación proposta polo instrumento de planificación correspondente.

Tamén se atopan na situación de solo urbanizado, o incluído nos núcleos rurais tradicionais legalmente asentados no medio rural, sempre que a lexislación de ordenación territorial e urbanística lles atribuíra a condición de solo urbano ou asimilada e cando, de conformidade con ela, contén coas dotacións, infraestruturas e servizos requiridos ao efecto.

A clasificación urbanística que o instrumento de ordenación municipal outorgue ao solo non é por si suficiente para identificar o solo como rural ou urbanizado, xa que en virtude do RDL 7/2015 a efectos valorativos no procedemento de expropiación, todo o solo é solo rural se non concorren nel os requisitos de formar parte legalmente da malla urbana e ademais ser unha parcela urbanizada en execución do planeamento urbanístico, ou contar cos servizos exixidos pola lexislación, ou estar ocupado pola edificación. Das parcelas afectadas, todas elas atópanse nesta situación. En particular, as que se atopan neste proceso, teremos en conta que:

- Maioritariamente atópanse en solo de núcleo rural, aínda que na zona propia de cesión obrigatoria e gratuíta, para o caso de obteren licenza urbanística.
- Non conta cos elementos propios de urbanización.

Polo tanto todas elas terán a consideración de solo de núcleo rural, a excepción de tres parcelas rústicas, aos efectos do RDL 7/2015 e do RD 1492/2011.

A superficie afectada pola expropiación atópase integramente comprendida dentro da franxa de dominio público adxacente vinculada ao sistema viario previsto no planeamento municipal, segundo a certificación urbanística emitida e consonte coa Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia. Trátase, polo tanto, dun ámbito directamente afectado a un uso público viario e sometido ás limitacións e determinacións propias da lexislación sectorial de estradas.

Para os efectos da valoración expropiatoria, a determinación da situación básica do solo debe realizarse conforme ao Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, atendendo á realidade funcional e xurídica do terreo afectado. A circunstancia de que o resto da parcela estea clasificado como solo de núcleo rural (NR) non altera a situación básica da porción expropiada, xa que esta queda especificamente destinada a vial e incorporada á zona de protección e dominio público da estrada.

En consecuencia, a superficie obxecto de expropiación non pode considerarse solo en situación básica de urbanizado, ao estar destinada de forma directa á implantación e

protección do sistema viario público e non resultar susceptible de aproveitamento urbanístico privado independente. Procede, polo tanto, a súa consideración e valoración como solo en situación básica rural, de conformidade cos artigos 21 e concordantes do TRLSRU e coa normativa sectorial de estradas aplicable.

VALORACIÓN DO SOLO RURAL

A determinación do valor do solo é precisa para a determinación da indemnización dos bens e dereitos afectados.

O requisito previo de toda valoración a efectos expropiatorios é a determinación da situación básica do solo ao establecer o artigo 35.2 do TRLSRU que “o solo taxarase na forma establecida nos artigos seguintes, segundo a súa situación e con independencia da causa da valoración e o instrumento legal que a motive”.

De acordo co proxecto constructivo, o solo afectado ten a clasificación de **urbanizable non delimitado**, co que se considera que se atopa en situación de rústico, de acordo coa LSG 2/2016, e polo tanto asimilábel co disposto no artigo 21.2 do TRLSRU.

O solo en situación de rural, de conformidade co artigo 36.1.a do TRLSRU, debe valorarse “mediante a capitalización da renda anual real ou potencial, a que sexa superior, da explotación segundo o seu estado no momento a que se deba entender referida a valoración”.

Non constan datos para determinar a renda real que se obtén do solo expropiado, polo que o valor do solo se calculará pola súa renda potencial.

Segundo o artigo 8.2 do RVLS “entenderase por renda potencial aquela que poida ser atribuíble á explotación do solo rural de acordo cos usos e actividades máis probables de que sexan susceptibles os terreos, de conformidade coa lexislación e normativa que lles sexa de aplicación, utilizando os medios técnicos normais para a súa produción”. Calcúlase restándolle aos ingresos anuais da explotación os custos anuais da mesma, de acordo co artigo 9 do RVLS.

En Galicia dispónse dun estudo contrastado de aptitude produtiva da terra que cubre toda a comunidade autónoma. Trátase do “Mapa de capacidade produtiva do solo de Galicia” de Díaz-Fierros e Gil Sotres (1984). Así, e partindo da información deste estudo, da visita ás parcelas e da dispoñibilidade de auga na finca, estímase a produción potencial agardada.. A partir destes datos capitalizaranse estas rendas potenciais estimadas.

Custos de produción e prezos de venda son obtidos de datos estatísticos e publicacións especializadas nos últimos anos.

De acordo co artigo 12.1 do RVLS, como tipo de capitalización utilizarase o establecido no apartado 1 da disposición adicional sétima do TRLSRU. Nela se recolle que “*Para a capitalización da renda anual real ou potencial (...) utilizarase como tipo de capitalización o valor medio dos datos anuais publicados polo Banco de España da rendibilidade das Obrigacións do Estado a 30 anos, correspondentes ós tres anos anteriores á data á que deba entenderse referida a valoración*”.

Ingresos

produto	contido de materia seca	producción de materia seca	producción	prezo	totais
			producción MS / contido MS		producción x prezo
millo forraxeiro en silo tapado	30%	14.750 kg MS/ha	49.167 kg en silo / ha	0,0600 €/kg en silo	2950,00 €/ha
herba en silo tapado	27%	4.750 kg MS/ha	17.593 kg en silo / ha	0,0540 €/kg en silo	950,00 €/ha
total ingresos primeiro ano					3900,00 €/ha
herba en silo tapado	27%	10.750 kg MS/ha	39.815 kg en silo / ha	0,0540 €/kg en silo	2150,00 €/ha
total ingresos segundo ano					2150,00 €/ha

Cálculo do tipo de actualización

tipo	2,683%
publicado	3,23
tipo real	2,683%

Cálculo das rendas anuais de explotación (€/Ha)

ano	ingresos	gastos	renda anual	renda anual actualizada ó inicio do ciclo	
1	3.900,00 €	2.862,00 €	1.038,00 €	1.010,88 €	
2	2.150,00 €	1.615,00 €	535,00 €	507,41 €	
suma das rendas anuais actualizadas do ciclo				1.518,29 €	duración do ciclo = 2 anos

Determinación do valor do solo

capitalización das rendas anuais	29.438,37 €/ha	coef u1	1,15
		coef u2	1,25
		coef u3	1,2
valor do solo	2,94 €/m2	coef U	1,73
		Valor expropiación	5,09

O valor do solo rural así obtido corríxese ao multiplícalo polo factor de corrección por localización ó que se refire o artigo 17 do RVLS. De acordo con este artigo, este factor é o resultado do produto doutros tres factores, u1, u2, e u3. O primeiro factor, u1, considera a accesibilidade a núcleos de poboación. O segundo factor, u2, ten en conta a accesibilidade a centros de actividade económica. E o terceiro factor, u3, contempla a ubicación en entornos de singular valor ambiental ou paisaxístico. Cando algún destes factores non é de aplicación toma como valor a unidade. No caso que nos ocupa son os seguintes:

- Factor u1. Resulta un factor de 1,15.
- Factor u2. Obtívose un factor de 1,25, tendo en conta a distancia á cidade de A Coruña.
- Factor u3. Resulta un factor de 1,2.

$$\text{TOTAL FI} = U1 \times U2 \times U3 = 1,73$$

En base ó exposto, obtemos un valor unitario para o solo capitalizado para unha produción estimada de millo forraxeiro e pradeira de 2,94 €/m².

$$V_f = V \times FI$$

$$2,94 \times 1,73 = 5,09 \text{ €/m}^2$$

$$\text{VALOR UNITARIO DO SOLO €/m}^2 = 5,09 \text{ €/m}^2$$

Deste xeito e tendo en conta as distintas tipoloxías de solo, obtemos:

Nº	Ref. Catastral	Sp. Total (m ²)	Exprop. def. (m ²)	Valor unitario (€/m ²)	TOTAL (€)
1	15005A047000710000PO	513	0	5,09	- €
2	15005A047000700000PM	206	31	5,09	157,79 €
3	15005A047000690000PK	255	35	5,09	178,15 €
4	15005A047002750000PU	348	0	5,09	- €
5	15005A047000680000PO	475	23	5,09	117,07 €
6	15005A047000670000PM	464	30	5,09	152,70 €
7	15005A04700064	1008	10	5,09	50,90 €
8	15005A047000660000PF	112	12	5,09	61,08 €
9	001702500NH49C	5247	73	5,09	371,57 €
10	15005A060003510000PM	415	0	5,09	- €
11	15005A060003480000PM	131	32	5,09	162,88 €
12	15005A060000620000PF	843	100	5,09	509,00 €
13	15005A060003720001AZ	155	27	5,09	137,43 €
14	15005A047000060000PR	492	52	5,09	264,68 €
Total:			425,00		2.163,25 €

Ascende o total dos bens valorados á cantidade de **[DOUS MIL CENTO SESENTA E TRES EUROS CON VINTE E CINCO CÉNTIMOS (2.163,25,-€)]**

VALORACIÓN DE DEREITOS REAIS

PREMIO DE AFECCIÓN

De acordo co artigo 47 da Lei de Expropiación Forzosa, do 16 de decembro de 1954 (LEF), e do previsto no artigo 47 do Decreto de 26 de abril de 1957, polo que se aproba o Regulamento da LEF (REF), ademais do prezo xusto correspondente á valoración dos bens e dereitos do expropiado, aboarase como última partida de valoración practicada, un 5% adicional en concepto de “premio de afección”.

Do seu cálculo exclúiranse outros bens ou dereitos afectados que supoñan traslados ou ocupacións temporais ou similares.

Non consta, a estes efectos, a existencia de arrendatarios

Nº	Ref. Catastral	Expr. Definitiva (m2)	Valor unitario (€/m2)	TOTAL (€)	P de afección (5%)	TOTAL
1	15005A047000710000PO	0	5,09	- €	- €	- €
2	15005A047000700000PM	31	5,09	157,79 €	7,89 €	165,68 €
3	15005A047000690000PK	35	5,09	178,15 €	8,91 €	187,06 €
4	15005A047002750000PU	0	5,09	- €	- €	- €
5	15005A047000680000PO	23	5,09	117,07 €	5,85 €	122,92 €
6	15005A047000670000PM	30	5,09	152,70 €	7,64 €	160,34 €
7	15005A04700064	10	5,09	50,90 €	2,55 €	53,45 €
8	15005A047000660000PF	12	5,09	61,08 €	3,05 €	64,13 €
9	001702500NH49C	73	5,09	371,57 €	18,58 €	390,15 €
10	15005A060003510000PM	0	5,09	- €	- €	- €
11	15005A060003480000PM	32	5,09	162,88 €	8,14 €	171,02 €
12	15005A060000620000PF	100	5,09	509,00 €	25,45 €	534,45 €
13	15005A060003720001AZ	27	5,09	137,43 €	6,87 €	144,30 €
14	15005A047000060000PR	52	5,09	264,68 €	13,23 €	277,91 €
Total:		425,00		2.163,25 €	108,16 €	2.271,41 €

Ascende o total expropiado á cantidade de **[DOUS MIL DOUSCENTOS SETENTA E UN EUROS CON COARENTA E UN CÉNTIMOS (2.271,41,-€)]**


4.3- Valoración doutros bens.

Non se contemplan, toda vez que as posibles afeccións de obras terán a consideración de "reposicións".

Arteixo, 14 de maio de 2026

O Perito da Administración

O Perito da Administración
Rafael Santos Couceiro




Enxeñeiro Agrónomo , col. nº 583 COIAG

Miguel Ángel Abad Blanco





Arquitecto , col. nº 1.877 COAG


Planos individualizados:





























LEYENDA	
	PERIMETRO PARCELA
	SUP. DE EXPROPIACION
	NUMERO PARCELA

	ALFOMBA DEL PROYECTO	TITULO DEL PROYECTO	EXPEDIENTE:	DESIGNACION DEL PLANO:	FECHA:
	BAJAL OS SANTOS COLLEIRO	PROYECTO DE EXPROPIACION PARA MEJORA SEGURIDAD VIAL CARRETERA DN2011 EN ERVELEDES + LOUREDA	AVT_2028 ESCALA: 1:350	PARCELA Nº 14	MARZO 2018 Nº DE PLANO: 14

DOCUMENTACIÓN ANEXA

Informe Urbanístico



Expte. nº: 2026/U040/000002

INFORME TÉCNICO CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA.

“EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN URBANÍSTICA POR TAXACIÓN CONXUNTA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DENOMINADA “MELLORA, SEGURIDADE VIAL E ACONDICIONAMIENTO DA ESTRADA DP-0511 EN ERVEDÍNS - LOUREDA”.

FEITOS

A través da aplicación TEDEC solicítase un informe da clasificación urbanística das parcelas afectadas polo proxecto “MELLORA DA ACCESIBILIDADE E PAVIMENTOS EN ERVEDINS ” que redactou o equipo L2 enxeñería e asinou D. Alejandro Peña.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O planeamento vixente neste concello, as Normas Subsidiarias de Planeamento municipal, NNSS, aprobáronse por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo o 23.3.1995.
Polo tanto é un planeamento anterior á Lei 2/2016 do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e non adaptado á L 9/2002, séndolle de aplicación a Disposición Transitoria 1ª.2 da L 2/2016.
2. Contrastados os planos que se achegan no requirimento coa cartografía que forma parte das NNSS, a obra executarase nun sistema xeral de infraestruturas de comunicación viaria. Atópase delimitada no Plano “de Ordenación de aliñacións e rasantes Núcleo de Ervedins ” a escala 1/2000, e no plano nº 16 de Ordenación do Termo municipal a escala 1/ 5000.
3. Para os efectos de obter os terreos de propiedade privada e que quedaron incluídos no sistema viario e consecuentemente fóra das aliñacións na aprobación definitiva do planeamento, infórmase da cualificación urbanística das parcelas catastrais que poderían ser obxecto de expropiación.
4. As parcelas clasificáronse como solo urbano de núcleo rural , NR. De acordo coa DT 1ª .2 . c)da Lei 2/2016 do 10 de febreiro, do Solo de Galicia solo de núcleo rural aplicándose as determinacións do planeamento respectivo. E segundo a lexislación estatal RDL 7/2015 a situación e a de urbanizado.

Documento firmado electrónicamente, puede validar la firma con el código indicado al margen en la Sede Electrónica <https://sede.arteixo.es/>. (El código de verificación garantiza, mediante el cotejo en la sede electrónica municipal, la integridad del documento (artículo 27.3.d de la Ley 39/2015, de 1 de Octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas))

1 de 4

FINNADO POR Luisa María Aba Garrate (FECHA: 24/03/2026 09:30:00)
versión imprimible

no: p-202611070-492020267 verificable en la sede electrónica del organismo. <https://sede.arteixo.org/>



Documento firmado electrónicamente, puede validar la firma con el código indicado al margen en la Sede Electrónica <https://rede.arteixo.org/> (El código de verificación garantiza, mediante el cotejo en la sede electrónica municipal, la integridad del documento (artículo 27.3.d de la Ley 39/2015, de 1 de Octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas))

3 de 4

ENTRADA POR LUISA MARÍA ALBA GARROTA (FECHA: 24/03/2026 09:30:00)
Fuerza Improbable

cto: p=svt w=jo+qodogix7 verificable en la sede electrónica del organismo. <https://sede.arteixo.org/>



Luisa María Aba Garróte (FEB/04: 24/03/2026 09:30:00)
r.mibie

verjo4p9d0guy7 verificable en la sede electrónica del organismo. <https://sede.arteixo.org/>


Documento firmado electrónicamente, puede validar la firma con el código indicado al margen en la Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/>. El código de verificación garantiza, mediante el enlace en la sede electrónica, mediante la integridad del

Información Catastral:

PARCELA CATASTRAL

Superficie gráfica: 513 m2


Parcela construida sin división horizontal




PARCELA CATASTRAL

Superficie gráfica: 206 m2


Parcela construida sin división horizontal



PARCELA CATASTRAL




PARCELA CATASTRAL



PARCELA CATASTRAL

Superficie gráfica: 475 m2


Parcela construida sin división horizontal



PARCELA CATASTRAL

Superficie gráfica: 464 m2


Parcela construida sin división horizontal



PARCELA CATASTRAL

Superficie gráfica: 1.008 m²


Parcela, a efectos catastrales, con inmuebles de distinta clase [urbano y rústico]



PARCELA CATASTRAL

Superficie gráfica: 112 m²


Parcela construida sin división horizontal



PARCELA CATASTRAL


Superficie gráfica: 5.247 m2

Parcela, a efectos catastrales, con inmuebles de distinta clase [urbano y rústico]




PARCELA CATASTRAL

Superficie gráfica: 415 m2



PARCELA CATASTRAL


Superficie gráfica: 131 m2



PARCELA CATASTRAL


Superficie gráfica: 843 m2

Parcela construida sin división horizontal



PARCELA CATASTRAL

Superficie gráfica: 155 m²



PARCELA CATASTRAL

Superficie gráfica: 492 m²

Parcela construida sin división horizontal

